

PROPOSTA DE SOLUCIÓN ás actividades  
sobre os temas das cantigas de escarnio e maldizer

1. A burla persoal (por máis que o nome da muller obxectivo dificilmente permita identificala) e a subversión da realidade da relación sexual apuntan á sátira obscena, na que se ridiculizan prácticas concretas referentes ao sexo ou ao escatolóxico. Cómpre ter en conta, ademais, que esa subversión é crúa e indecente ao pretender provocar o riso -con descarada misoxinia, desde o sexismo- cos abusos cometidos polas milicias -e, en xeral, polos homes- sobre as mulleres. Apónselle á muller a coacción e a violencia exercida polo home e preténdese situala no lugar de quen procura favores sexuais, pagando ou non. É como se o trovador lle dixese a María García: “non te queixes, aínda que te forzase (di 'vos fodi', non 'fodemos') e che roubase, porque non vales nada e es ti quen lle debera pagar a quen se deite contigo; e, coidadiño, que aquí están as forzas militares”.

Mais tamén sería posíbel defender en certa medida a clasificación como sátira social, pois espella, para rirse dela, a indefensión das mulleres de baixa condición. Estas semella que se poden posuír, violar ou abocar á prostitución e logo, aínda por enriba, fáiselles escarnio coa esixencia dunha compensación.

2. O obxecto da burla na cantiga "Ai, dona fea..." é unha muller que se considera que é todo o contrario da dona idealizada nas cantigas de amor (que ela seica pretende protagonizar), pois é fea, vella e babeca.

Trátase dunha sátira literaria (e persoal), pois constitúe unha parodia da cantiga amorosa, máis en concreto da gabanza da dama no amor cortés. En certa medida, poderíase pensar que é unha sátira social, ao criticar as donas que desexan contar cun trovador namorado, mais sabemos que nas cantigas de amor non se concretaba en absoluto a dama.

3. “O que foi pasar a serra” amosa a perspectiva do rei ante o comportamento, que considera infame, dunha parte da nobreza nas campañas de Andalucía. Critícase a actitude dos que non asistiron ao combate e agora veñen, coa vitoria próxima, pretender as riquezas conquistadas.

(I) O que foi pasar a serra e non quixo servir a terra, está agora que xa comezou a guerra, *que anda a osmar [cheirar, agardar]*? Pois el tanto erra agora, maldito sexa!

(II) O que levou os diñeiros e non trouxo os cabaleiros, é para non ir entre os primeiros, *que anda a osmar?* Xa que vén cos derradeiros, maldito sexa!

(III) O que levou unha grande paga mais nunca participou nunha cabalgada, é para non ir a Granada, *que anda a osmar?* Se é ricome ou ten mesnada, maldito sexa!

(IV) O que meteu pouco no saco mais enfeitiza, é para non entrar no campo de batalla (da Veiga de Granada), *que anda a osmar?* Pois é máis mol que a manteiga, maldito sexa!